

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE PARA A ELABORACIÓN DUN CENSO DE ENTIDADES E RECURSOS CULTURAIIS DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, **Román Rodríguez González**, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

E doutra, **Marcos Pérez Gulín**, en nome e representación da Fundación Galicia Sustentable, en calidade de presidente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades refunde nun único departamento as atribucións, facultades, competencias e funcións que ata ese momento viñan exercendo, dunha banda, a extinta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e, doutra, a extinta Consellería de Cultura e Turismo, na área de cultura, inspirándose nos criterios de eficacia e economía que sempre deben



presidir a actuación e a organización administrativa, así como a eficiencia e contención no gasto público.

A consellería oríentase, no exercicio dos ámbitos competenciais que ten encomendados e no deseño e desenvolvemento das súas accións, por unha banda, a garantir e fortalecer o mantemento e impulso de políticas públicas determinantes para o estado de benestar nun momento de gran dificultade polas circunstancias derivadas da pandemia do COVID-19, pero por outra, a continuar co impulso de políticas públicas que permitan continuar posicionando a Galicia como unha sociedade de benestar moderna, cohesionada e en progreso.

Garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas con independencia das súas circunstancias persoais, sociais ou familiares, adaptado ás necesidades que se precisan no século XXI é un desafío que todas as sociedades modernas afrontan. Nas actuais circunstancias de crise este desafío precisa aínda dun maior esforzo que asegure que ninguén quede atrás.

Por outra banda, manter o impulso do sector cultural galego, ademais de representar un factor determinante para a identidade e cohesión social, segue a representar unha oportunidade de desenvolvemento económico que se debe reforzar con políticas proactivas que permitan seguir fortalecendo o ecosistema de industrias creativas e culturais, ao mesmo tempo que se garante o exercicio e acceso a cultura con plenitude a todas as persoas.

As sinerxías derivadas das políticas públicas de educación e cultura permiten facer da sociedade galega unha sociedade máis cohesionada socialmente e representan unha oportunidade de progreso como sociedade de benestar moderna do século XXI.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Sustentable é unha fundación privada de interese galego, constituída o 26 de decembro de 2008.



A Fundación ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara a sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.

Segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos para a consecución dos seus fins a fundación organizará e levará a cabo actividades do seguinte tipo, entre outras:

- Actividades formativas, de divulgación do concepto da sustentabilidade tales como ciclos de conferencias, seminarios, cursos e congresos.
- Organizar actos públicos para a concienciación e para enviar mensaxes a prol da sustentabilidade á sociedade civil.
- Actividades culturais no marco da sustentabilidade como exposicións, concertos, charlas de divulgación cultural, ciclos de cine ou proxeccións puntuais de películas e documentais.
- Asesorar a institucións de carácter público e privado con competencias ou actuacións estratéxicas que poidan ter efectos sobre a sustentabilidade.
- Participar en proxectos de I+D+i que fomenten, profunden ou traten de facer unha contribución cara a sustentabilidade, en particular no referido á ordenación do territorio.
- Apoiar, a través da transferencia de coñecemento, iniciativas empresariais e proxectos de emprendedores que impulsen, difundan e favorezan coas súas actividades a sustentabilidade de Galicia.

(...)

Terceiro.- Que o obxectivo perseguido co presente convenio é a elaboración dun censo de entidades e recursos culturais dos concellos de Galicia (exceptuando as sete grandes cidades)



que aporte a información que se precisa de cara a elaboración dunha Rede de Centros Culturais e un Plan de Acción e que suporá unha completa caracterización das entidades e recursos de carácter cultural existentes nos concellos de Galicia.

Este plan de acción debe aliñarse nas estratexias de desenvolvemento sostible vixentes tanto na Comunidade Autónoma de Galicia coma a nivel estatal, así coma cos obxectivos e metas de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas, concretamente na meta do obxectivo 11, que implica redoblar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo.

Dado o interese común das partes asinantes no desenvolvemento das accións obxecto do presente convenio, é preciso establecer as canles para a colaboración entre as partes co fin de acadar o seu obxectivo. O censo de entidades e recursos culturais dos concellos galegos resulta necesario para a súa potenciación e visibilidade, que contribúan á promoción da cultura na nosa Comunidade Autónoma, así como ao achegamento da mesma a toda a poboación, de xeito que se manteña o impulso do sector cultural galego, factor determinante para a identidade e cohesión social e como oportunidade de desenvolvemento económico.

Deste xeito as partes asinantes do convenio consideran axeitado colaborar nas actuacións obxecto do mesmo, por razóns de interese público e social. A singularidade do proxecto e o seu impulso dun xeito conxunto polas partes asinantes non fan posible promover a concorrència pública, dado que a Fundación Galicia Sustentable é a entidade que posúe unha base de datos de entidades de carácter cultural que será a base inicial para a abordaxe do obxecto do presente convenio, o cal permite unha redución de costes e de tempo de execución.

Así mesmo, e dadas as liñas de traballo da Fundación Galicia Sustentable, garantirá o antedito aliñamento coas estratexias de desenvolvemento sostible existentes e cos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas.



Esta acción está incluída no Plan Estratéxico de convenios para realizar actuacións con fins culturais con concellos, asociacións, fundacións e entidades culturais, no ámbito da promoción e difusión da cultural, para o ano 2022.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Galicia Sustentable para a elaboración dun censo de entidades e recursos culturais dos concellos de Galicia (exceptuando as sete grandes cidades) que aporte información necesaria de cara a elaboración dunha Rede de Centros Culturais e un Plan de Acción.

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 36.106,40, IVE incluído, que se distribúe do seguinte xeito:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|--|---------|
| Vaciado documental | 11.052 |
| Depuración e actualización dos datos obtidos | 5.526 |
| Traballo de campo | 8.289 |
| Elaboración e maquetación das fichas informativas. | 2.763 |
| Gastos xerais asociados ao proxecto | 2.210 |
| Subtotal | 29.840 |
| IVE | 6.266,4 |



| | |
|--------------|-----------------|
| | |
| TOTAL | 36.106,4 |

Deste orzamento, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará a contía de 33.432,30€, con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.431A.640.0, proxecto 2015 00350 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022.

A Fundación Galicia Sustentable financiará a contía de 2.674,10€ correspondentes aos gastos xerais asociados ao proxecto.

En todo caso a achega da consellería para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o coste de realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún con aquela.

Terceira.- Compromisos das partes

1. A Fundación queda obrigada ao cumprimento do obxecto do convenio, comprometéndose a:

- Desenvolver o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter



pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

- Subministrar, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas nos termos establecidos na cláusula segunda.

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. A Fundación será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Quinta.- Resultados conxuntos

Calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por todas as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e



gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1. A achega prevista na cláusula segunda será librada previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o cal a Fundación deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do presente convenio. Así mesmo deberán xuntarse as fichas informativas por entidade e recursos culturais.
- Certificación detallada do Padroado da Fundación da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas no presente convenio.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

Por outro lado, a Fundación deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A consellería resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2022**.

3. A cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Consellería.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles



responsabilidades relativas ás subvencións concedidas serán resoltas pola órgano competente da Consellería.

Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Novena .- Modificacións e resolución do convenio

I. Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:



- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a consellería publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.



Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2022**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Pola Fundación Galicia Sustentable

O conselleiro

Marcos Pérez Gulín

P.D. (Orde 29/07/2022, DOG núm. 151, do 9 de agosto)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

